

# 1. LUGO BASKET



## DUELO DE TITÁNS

62 73

**Estudiantes impúxose no derbi ante Maristas, nun encontro que mediu aos dous mellores conxuntos infantís masculinos da Provincia. Diego Serguei e Julián Longarela, compañeiros na Selección Galega, dirixiron aos seus equipos con 37 e 32 puntos respectivamente**



### Ensino sobe ao vagón dos primeiros clasificados

Vitoria vital das cadetes na Liga Galega, coa que asaltaron o podio da clasificación e puxeron terra de por medio co quinto tras impoñerse nun partido igualado na Coruña



### San Ciprián inicia o 2020 como pechou o 2019 na Liga Galega

Triunfo dos de Manolo Cobas ante Culleredo na Veiga. A peor noticia chegou coa lesión do base Antón no treito final do encontro tras unha mala caída

LIGA GALEGA MINIBASKET



### Maristas segue sumando por vitorias todos os encontros disputados

Os de Óscar Engroba deron un clinic de baloncesto na primeira parte do derbi ante Estudiantes e seguen líderes da competición con dous triunfos máis que Narón, que o pasou moi mal en Ribadeo para saír airoso ante os de Sama. Os capitalinos seguen sendo o rival a bater e confirman a súa candidatura ao título galego de minibasket

Volveron os Minis tras un mes de parón

O DUELO ENTRE CB VIVEIRO E GALÉN 08 do Grupo Norte masculino foi o máis igualado, con triunfo dos capitalinos 77-80

Os de Amir levaron finalmente a vitoria ante os mariñoos logo da igualdade máxima ao logo de todo o partido. No outro duelo do Grupo, adiantado á pasada fin de semana, Cidade de Lugo sumou a cuarta ante Galén Ensino, 54-82. No Grupo Sur o líder invicto, CB Sarria, logrou a quinta vitoria consecutiva ante Cidade de Lugo-Fingoi.

nina os triunfos foron para MªAuxiliadora, Cidade-Fingoi e CB Burela.

Cinco partidos disputaron os Premini masculino, nos que Estu Verde, Ensino, Franciscanos, Maristas e Estu Laranxa sumaron cadansúa vitoria. Na Liga feminina Cidade impúxose a Galén 25-70, e Estudiantes Violeta fixo o propio ante CB Viveiro, 51-34.



MINIBASKET Cidade Fingoi - Floristería Madeira CB Sarria



MINIBASKET Cidade Fingoi - Floristería Madeira CB Sarria



MINIBASKET Cidade Fingoi - Floristería Madeira CB Sarria

MINIBASKET 2º FEMININO

RESULTADOS Galén E. 08 - M. Auxiliadora 8-59

Cosmos Sarria - Francisc. ---

Cidade Fingoi - M. Sarria 54-27

Burela - Galén E. 09 67-16

CLASIFICACIÓNS

Table with 5 columns: Equipo, X, G, P, NP, PF, PC. Rows include MARIA AUX., CIUDE FINGOI, M. BURELA, M. SARRIA, FRANCISCANOS, GALEN ENSINO 09, COSMOS SARRIA, GALEN ENSINO 08.

PRÓXIMA XORNADA

Franciscanos - M. Burela
Cosmos Sarria - Cidade Fingoi
M. Sarria - Maria Aux.
Galén E. 08 - Galén E. 09

MINIBASKET 2º MASC. G-NORTE

RESULTADOS CB Viveiro - Galén E. 08 77-80

Galén E. - Cidade Lugo 54-82

CLASIFICACIÓNS

Table with 5 columns: Equipo, X, G, P, NP, PF, PC. Rows include BURELA, CIUDE DE LUGO, GALEN ENSINO 08, CB VIVEIRO, GALEN ENSINO.

PRÓXIMA XORNADA

Cidade - Galén E. 08
CB Viveiro - Burela

MINIBASKET 2º MASC. G-SUR

RESULTADOS Cidade Fingoi - C. Sarria 6-56

Est. Vermello - Maristas 09 Apr.

CLASIFICACIÓNS

Table with 5 columns: Equipo, X, G, P, NP, PF, PC. Rows include CRISTO SARRIA, EST. VERMELLO, EST. AZUL, MARISTAS LUGO 09, CIUDE-FINGOI.

PRÓXIMA XORNADA

Maristas 09 - Cidade Fingoi
Cristo Sarria - Est. Azu.

PREMINIBASKET FEMININO

RESULTADOS Galén Ensino - Cidade 25-70

MGR Sarria - Franciscanos ---

Est. Violeta - CB Viveiro 51-34

CLASIFICACIÓNS

Table with 5 columns: Equipo, X, G, P, NP, PF, PC. Rows include CIUDE DE LUGO, EST. VIOLETA, BURELA, MGR C.B. SARRIA, M. AUXILIADORA, FRANCISCANOS, CB VIVEIRO, GALEN ENSINO.

PRÓXIMA XORNADA

Franciscanos - M. Auxiliadora
Cidade Lugo - MGR Sarria
Afan Burela - CB Viveiro

PREMINIBASKET MASCULINO

RESULTADOS Galén Ensino - M. Burela 0-50

C. Burela - Est. Verde 73-66

Est. Laranxa - Galén E. 10 70-55

Ensino - Cosmos Sarria 61-33

Cidade - Orbio Sarria ---

Franciscanos - Rosalia 47-29

CB Viveiro - Maristas Lugo 36-45

CLASIFICACIÓNS

Table with 5 columns: Equipo, X, G, P, NP, PF, PC. Rows include CAMINA BURELA, EST. LARANXA, EST. VERDE, MARISTAS LUGO, FRANCISCANOS, ENSINO LUGO, CB VIVEIRO, GALEN ENSINO 10, MARINA BURELA, COSMOS SARRIA, CIUDE DE LUGO, ROSALIA, ORBIO C.B. SARRIA, GALEN ENSINO.

PRÓXIMA XORNADA

Maristas L - Galén E Galén E. 10 - Ensino L
CB Viveiro - Rosalia C Burela - Est. Laranxa
O Sarria - Franciscanos M Burela - Est. Verde
C Sarria - Cidade

CLASIFICACIÓNS LIGAS AUTONÓMICAS

JUNIOR 1º DIV. FEMININO

RESULTADOS Rosalia - B. Coruña ---

Carmelitas - Estudiantes 19-68

Celta - Durán Ensino Apr.

C. Mariano - C. Artabra 65-46

Peleteiro - Cortegada 53-42

C. María - Bosco 40-42

CLASIFICACIÓNS

Table with 5 columns: Equipo, X, G, P, NP, PF, PC. Rows include PELEITEIRO, CELTA RECALVI, DURAN ENSINO, COLEXIO MARIANO, ROSALIA, BOSCO, ESTUDIANTES, COMPANIA MARIA, BASQUET CORUÑA, CARMELITAS, COSTA ARTABRA, CORTEGADA.

PRÓXIMA XORNADA

B. Coruña - C. María
Bosco - Peleteiro
Cortegada - C. Mariano
C. Artabra - Celta
Durán Ensino - Carmelitas
Estudiantes - Rosalia

JUNIOR 1º DIV. MASCULINO

RESULTADOS Durán Ensino - Culleredo Xoves

CB Tui - Blanco Amor 82-58

Bosco - Sigaltec ---

C. Ourense - Estudiantes 58-65

Obradoiro - Rosalia 92-52

B. Ferrol - CB Allariz 79-67

CLASIFICACIÓNS

Table with 5 columns: Equipo, X, G, P, NP, PF, PC. Rows include OBRADOIRO, ROSALIA CASTRO, ESTUDIANTES, C.B. TUI MASCATO, DURAN ENSINO, CB ALLARIZ, BASKET FERROL, BLANCO AMOR, BOSCO, SIGALTEC, KFC CULLEREDO, CLUB OURENSE.

PRÓXIMA XORNADA

Culleredo - B. Ferrol
CB Allariz - Obradoiro
Rosalia - C. Ourense
Estudiantes - Bosco
Sigaltec - CB Tui
Blanco Amor - Durán Ensino

CADETE 1º FEMININO NORTE

RESULTADOS Maristas - Cadelas Ensino 65-68

Peleteiro - Culleredo 73-58

C. Artabra - Estudiantes 53-75

Giraldo - Rosalia 42-57

CLASIFICACIÓNS

Table with 5 columns: Equipo, X, G, P, NP, PF, PC. Rows include PELEITEIRO, ESTUDIANTES, CADELAS ENSINO, MARISTAS C., KFC CULLEREDO, COSTA ARTABRA, INSTITUTO ROSALIA, GIRALDO CBV.

PRÓXIMA XORNADA

Giraldo - Maristas Coruña
Rosalia - C. Artabra
Estudiantes - Peleteiro
KFC Culleredo - Cadelas Ensino

CADETE 1º MASCULINO NORTE

RESULTADOS B. Coruña - Ria Ribadeo 79-74

B. Ferrol - Ensino Lugo 32-79

C. Artabra - Estudiantes 32-72

San Ciprián - Culleredo 69-57

CLASIFICACIÓNS

Table with 5 columns: Equipo, X, G, P, NP, PF, PC. Rows include ESTUDIANTES, SAN CIPRIAN, ENSINO LUGO, BASKET FERROL, BASQUET CORUÑA, CB RÍA DE RIBADEO, KFC CULLEREDO, COSTA ARTABRA.

PRÓXIMA XORNADA

Costa Artabra - B. Coruña
Estudiantes - KFC Culleredo
Ensino Lugo - Ria Ribadeo
B. Ferrol - San Ciprián

INFANTIL 1º FEMININO NORTE

RESULTADOS Peleteiro - Junquera Apr.

Rosalia - C. Artabra 71-58

CB Arxil - Estudiantes 58-62

Burela - Inmoponte 70-20

CLASIFICACIÓNS

Table with 5 columns: Equipo, X, G, P, NP, PF, PC. Rows include INSTITUTO ROSALIA, COSTA ARTABRA, ESTUDIANTES, A MARIÑA BURELA, GRUPO JUNQUERA, C.B. ARXIL, PELEITEIRO, CAB INMOPONTE.

PRÓXIMA XORNADA

Burela - Peleteiro
Inmoponte - CB Arxil
Estudiantes - Rosalia
C. Artabra - Junquera

CLASIFICACIÓNS LIGAS JUNIOR PROVINCIAL

JUNIOR 2º DIV. FEMININO A2

RESULTADOS Terra Chá - Baxi Ferrol 38-87

Estudiantes - Ensino Lugo 59-64

Ria Ribadeo - CB Sarria 43-38

CLASIFICACIÓNS

Table with 5 columns: Equipo, X, G, P, NP, PF, PC. Rows include BAXI FERROL, CB RÍA DE RIBADEO, ENSINO LUGO, ESTUDIANTES, C.B. SARRIA, CB TERRA CHA.

FINALIZADA A 1ª FASE DA COMPETICIÓN

PRE-INFANTIL FEM. NORTE

RESULTADOS C. Artabra - Los Rosales 58-7

Estudiantes - Baxi Ferrol 54-40

B. Coruña - Esclavas 56-6

CLASIFICACIÓNS

Table with 5 columns: Equipo, X, G, P, NP, PF, PC. Rows include COSTA ARTABRA, ESTUDIANTES, BASQUET CORUÑA, A MARIÑA BURELA, BAXI FERROL, ESCLAVAS, BV LOS ROSALES.

PRÓXIMA XORNADA

Los Rosales - B. Coruña
Esclavas - Estudiantes
Baxi Ferrol - Mariña Burela

PRE-INFANTIL MASC. NORTE

RESULTADOS Celtas - Culleredo 84-56

C. Artabra - Tirso Molina 54-71

B. Ferrol - B. Coruña 78-59

Estudiantes - Maristas C. 65-29

CLASIFICACIÓNS

Table with 5 columns: Equipo, X, G, P, NP, PF, PC. Rows include BASKET FERROL, BASQUET CORUÑA, TIRSO DE MOLINA, CELTAS EUGENIA, ESTUDIANTES, COSTA ARTABRA, KFC CULLEREDO, MARISTAS CORUÑA.

PRÓXIMA XORNADA

Maristas Coruña - B. Ferrol
B. Coruña - C. Artabra
Tirso Molina - Celtas
Estudiantes - Culleredo

MINIBASKET 1º FEM. NORTE A

RESULTADOS Ensino Lugo - Baxi Ferrol 54-56

Estudiantes - C. Artabra 60-80

CLASIFICACIÓNS

Table with 5 columns: Equipo, X, G, P, NP, PF, PC. Rows include COSTA ARTABRA, ESTUDIANTES, BAXI FERROL, ENSINO LUGO, PONTUMIO TABORA.

PRÓXIMA XORNADA

Costa Artabra - Ensino Lugo
Baxi Ferrol - Pontumio

MINIBASKET 1º MASC. NORTE A

RESULTADOS Ria Ribadeo - Narón 89-92

C. Artabra - B. Ferrol 66-74

Estudiantes - Maristas Lugo 14-64

CLASIFICACIÓNS

Table with 5 columns: Equipo, X, G, P, NP, PF, PC. Rows include MARISTAS LUGO, NARÓN, BASKET FERROL, CB RÍA DE RIBADEO, COSTA ARTABRA, ESTUDIANTES.

PRÓXIMA XORNADA

Estudiantes - Narón
Maristas Lugo - C. Artabra
B. Ferrol - Ria Ribadeo

INFANTIL 1º MASCULINO NORTE

RESULTADOS Montrove - B. Coruña ---

Betanzos - Culleredo ---

Maristas Lugo - Estudiantes 62-73

Obradoiro - Narón 63-60

CLASIFICACIÓNS

Table with 5 columns: Equipo, X, G, P, NP, PF, PC. Rows include OBRADOIRO CAB, ESTUDIANTES, NARÓN, BETANZOS, MARISTAS, KFC CULLEREDO, MONTROVE, BASQUET CORUÑA.

PRÓXIMA XORNADA

Maristas - Montrove
Estudiantes - Betanzos
Culleredo - Narón
Obradoiro - B. Coruña

JUNIOR 2º DIV. MASCULINO

RESULTADOS Ensino Lugo - Ria Ribadeo 57-74

Hierros - CB Viveiro 65-62

CLASIFICACIÓNS

Table with 5 columns: Equipo, X, G, P, NP, PF, PC. Rows include HIERROS FERREIRO, CB RÍA DE RIBADEO, CB VIVEIRO, ENSINO LUGO, MGR C.B. SARRIA.

PRÓXIMA XORNADA

CB Viveiro - Ensino Lugo
Hierros Ferreiro - MGR Sarria

# Estudiantes volveu á senda da vitoria ante COB en Ourense

**OS DE PABLO ABUÍN FORON DE MENOS A MÁIS** e puxeron fin á resistencia local no terceiro parcial. Os celestes aséntanse no podio da clasificación da Liga Galega júnior masculina

CORTEGADA		ESTUDIANTES	
56		65	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Fernández		Anxo	
Cervino		Alvaro	
Pardo		Dani	
Fermin		Cabe	
Ferreiro		Jorge	
Parente		Diego	
Sánchez		Lucas	
Escrignano		Adri	
Alonso		Carlos	
		Pedro	
		Borja	

**“EN LA SEGUNDA PARTE EL TRABAJO REALIZADO POR EL EQUIPO FUE BUENO. PERO NECESITAMOS TENER MÁS CONTINUIDAD A LO LARGO DE LOS PARTIDOS”** PABLO ABUÍN - Estudiantes Leyma

tes volveu á competición cun partido trampa ante o último clasificado, COB Ourense.

Lonxe de relaxarse ou acusar a derrota ante Peleteiro, os de Pablo Abuín tiveron unha boa posta en escena coa que tomaron o mando no marcador nos primeiros minutos. Con todo, a intensidade foi diminuindo e os locais pecharon o primeiro parcial con vantaxe, 21-17.

Aos poucos Estudiantes foi recuperando a intensidade defensiva e con ela igualou forzas pese ao 35-30 co que se chegou ao descanso.

Xa na segunda parte a dinámica ascendente dos lucenses mantívose, asi-

nando un terceiro cuarto que sen dúbida foi dos mellores da tempada. O listón defensivo do equipo foi moi alto, con moita actividade, anotando con fluidez e con todos os xogadores remando na mesma dirección.

Todo iso traducíuse nun parcial de 12-25 co que tomaron as rendas do marcador de cara a uns últimos dez minutos nos que o ritmo de xogo baixou moito e nos que Estudiantes tivo baixas porcentaxes de acerto en canastras fáciles, de aí a que a diferenza final se quedase en tan só 9 puntos.

Na próxima xornada Estudiantes medírase con outro equipo ourensán,

**10**

**VITORIAS** en 12 encontros para Estudiantes esta tempada na Liga Galega júnior na que o obxectivo a curto prazo é ser cabeza de serie nos play off

**+13**

**TERCEIRO PARCIAL** Estudiantes, que chegou ao descanso perdendo 35-30, remontou asinando un dos mellores cuartos da tempada tralo descanso en Orense

nesta ocasión a Bosco Salesianos no Anexo, onde os de Pablo Abuín buscarán unha nova vitoria para seguir mantendo distancias cos seus principais rivais na loita polo podio da Liga Galega júnior masculina.



Pedro penetrando a canastra con decisión ante un rival

# Carga de boas sensacións para iniciar a escalada

**ESTUDIANTES IMPÚXOSE A CARMELITAS** e colleu carreira para remontar postos na táboa dunha competición que dará aínda moitas voltas nos primeiros postos

CARMELITAS		ESTUDIANTES	
19		68	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Fernández		Eva	
Fabelo		María	
Pena		Sabela	
Rodríguez		Yashina	
Muquerza		Marta	
Diéguez		Silvia	
Pena		Claudia	
Fernández		Cristina	
Maqide		Nuria	
Ndiane		Laura	
Tourón		Carla	



A celeste Sabela rodeada de xogadoras rivais nun encontro disputado no Anexo

sensacións, e Estudiantes aproveitouno cun encontro moi serio. No partido de ida no Anexo, pese a gañar, as celestes non estiveran cómodas e foron sen relaxación a polo partido desde os primeiros

minutos. Todas as xogadoras de Estudiantes podían emparellarse coas de Carmelitas, e isto engadido á intensidade defensiva do equipo ao longo dos corenta minutos, desenca-

deou no 19-68 final. Tras o primeiro parcial no que Estudiantes tardou un pouco en asentarse sobre a pista, 8-16, no segundo a defensa celeste secou por completo ás locais cun claro e contun-

dente 0-20 de parcial co que o encontro quedou completamente visto para sentenza.

A segunda parte serviu par probar diferentes opcións de xogo nun simulacro real de partido, e pese a comprobar que Estudiantes ten que dar un paso á fronte individualmente nas finalizacións, as de Fernán Varela demostraron que están preparadas para plantar batalla na loita polos play off.

**Próxima xornada** Estudiantes recibe a Rosalía, quinto clasificado, nun partido moi importante. Na ida gañou Rosalía de 5 puntos, 60-55, polo que unha vitoria lucense por 6 ou máis puntos, sería un triunfo dobre.

**“PARTIDO PARA SUMAR TODAS LAS JUGADORAS Y EN EL QUE ESTUVIERON MUY ENCHUFADAS PESE A QUE EL ENCUENTRO QUEDÓ PRONTO VISTO PARA SENTENCIA EN EL MARCADOR”**

FERNÁN VARELA - Estudiantes

**+20**

**SEGUNDO PARCIAL** Estudiantes non encaixou puntos nos segundos dez minutos, nos que rachou o encontro antes do descanso en Ourense

**+6**

**OBXECTIVO ANTE ROSALÍA** na próxima xornada as com-postelás, rival directo por entrar nos play off, visitan o Anexo. Na ida gañaron 60-55, polo que o basketaverage tamén entra en xogo

**6**

**EQUIPOS**, á marxe do campión de Liga, disputaranse as catro prazas de play off que se están poñendo máis caras que nunca na Liga Galega júnior feminina

# Ensino asalta o podio da Liga

**TRAS IMPOÑERSE NUN ENCONTRO DE PODER A PODER** a Maristas Coruña. Na próxima xornada, en Culleredo, as lucenses poden poñer pé e medio na segunda fase

MARISTAS C.		ENSINO	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Leis		Sabela	4
Vázquez		Silvia	
Deus		Eva	32
Galán		Carla	
Riño		Lorena	
Ruiz		Carolina	1
Andrade		Enma	4
Alonso		Carla	
Patiño		Paula	27
Catoira		Lucía	
Núñez		Leire	
López			

O Cafés Candelas Ensino asinou na Coruña unha vitoria que vale o seu peso en ouro, xa que con ela as lucenses asaltan o terceiro posto da clasificación ante un rival directo ao que ademais lle teñen gañado o average particular, mentres que manteñen as dúas vitorias de marxe sobre o quinto clasificado, un Culleredo ao que visitan a próxima xornada na que de gañar, terían pé e medio na segunda fase.

Na Coruña ante Maristas viuse un partido de poder a poder. Con alternancias no xogo e no

**"GRAN ESFUERZO DE TODAS Y CADA UNA DE LAS JUGADORAS QUE PARTICIPARON A LO LARGO DEL ENCUENTRO. TODAS HAN DADO EL MÁXIMO DE SUS POSIBILIDADES EN BENEFICIO DEL EQUIPO"**

DAVID MARTÍNEZ / AIGOR ROMO - Cafés Candelas Ensino

marcador desde o primeiro ao último minuto, o intercambio de canastras, situación na que Ensino atopábase cómodo, pero mediado o primeiro parcial chegou un baixón de intensidade que propiciou unha renda de máis 6 para as herculinas, obrigando a David Martínez e Aigor Romo a pedir un tempo morto co que o equipo volveuse activar para pechar o primeiro parcial con 19-18.

No segundo continuou a dinámica ascendente dun Ensino que por momentos realizou un xogo coral, pechando ben o rebote, defendendo con intensidade e con boa circulación de balón en ataque ata atopar tiros liberados e irse ata os 27 puntos nos segundos dez minutos, para chegar ao descanso

con 34-45 no marcador.

Xa na segunda parte ao Ensino custoulle un mundo meterse de novo en dinámica de partido, realizando moitas faltas coas que Maristas foi recortando distancias desde o tiro libre para chegar aos últimos dez minutos con tan só catro puntos de vantaxe e todo por decidir.

Maristas culminou a remontada poñéndose con máis dous no marcador, pero cando peor pintaban as cousas, Ensino saíu a flote crecendo desde a defensa, controlando o rebote e mantendo a cabeza fría nas posesións quentes dos últimos minutos, nos que o acerto desde o tiro libre foi clave para saír de Elviña cunha máis que importante vitoria.

**5**

**VICTORIAS** Ensino xa está en positivo ao ter catro derrotas, mesmo balance que Maristas, ao que se impuxeron nos dous encontros disputados esta tempada no Grupo Norte da Liga Galega cadete feminina

**4**

**EQUIPOS** pasarán deste grupo ao Galego cadete feminino. Ensino conta con dúas vitorias máis que Culleredo, próximo rival das lucenses, nun encontro no que poden poñer pé e medio na segunda fase de gañar

**32**

**EVA PARDO** de novo a máxima anotadora do Ensino. Tamén rematou en dobre díxits Paula Hoyuelos con 27. Entre as dúas asinaron 59 dos 68 puntos do Cafés Candelas Ensino na Coruña



Eva Pardo foi a máxima anotadora do conxunto ensinista con 32 puntos

## Estudiantes afinou a posta a punto

**PELETEIRO**, líder invicto, próximo rival das celestes no Anexo

C. ÁRTABRA		ESTUDIANTES	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Aller		Lian	
Arteaga		Iria	
Rivas		Celia	
Freire		Candela	
Rodríguez		Enma	
Pérez		María	
Porto		Marta F.	
López		Claudia	
Alvarez		Laura	
Villar		Carla	
		Marta R.	

Estudiantes volveu á competición demostrando que o conxunto de Fernán Varela non se deixou levar no parón de Nadal e que traballou duro para encarar o segundo tramo de competición, no que as lucenses teñen aínda moitas cousas que dicir.

Con pé e medio xa na segunda fase, Estudiantes recibe a próxima xornada a Peleteiro, o gran dominador da competición con pleno de vitorias esta tempada.

Estudiantes afinou a posta a punto de cara a este encontro en Ferrol, ante un Costa Ártabra que empezou moitísimo acerto e cun parcial inicial de 7-0. O conxunto celeste, lonxe de poñerse nervioso, ape-

**"ESTOY CONTENTO CON EL TRABAJO DEL EQUIPO, A SEGUIR MEJORANDO Y CRECIENDO. ENHORABUENA A TODAS POR ESA DUEZA MENTAL Y POR EL TRABAJO DIARIO QUE REALIZAN"** FERNÁN VARELA - Estudiantes Leyma



Enma coa pelota ante a mirada de Fernán Varela

lou ao traballo para meterse en partido. Fortes mentalmente, pechando o rebote e crecendo aos poucos ata empatar o encontro ao descanso, 30-30.

Xa na segunda parte a sensación era de superioridade lucense, pero aos últimos dez minutos chegouse con tan só 4 puntos de vantaxe, 43-17.

Costa Ártabra empatou o encontro ao comezo do último cuarto cunha defensa mixta, pero cando peor pintaban as cousas para Estudiantes, as de Fernán Varela xogaron o seu mellor baloncesto ante un rival que chegou coa luz de reserva acendida ao desenlace final, no que encaixaron un 10-28 excesivo.

## Exhibición sen recompensa final

**RIBADEO** non escatimou esforzos unha vez máis pese á derrota

B. CORUÑA		RIBADEO	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Gil		Iker	23
Díaz		Anxo	10
Fernández		Christian	27
Dominguez		Dario	7
Martínez		Dani	7
Villanueva		Simón	
Varela		Jorge	
Lovera		Lucas	
Gonta			
Pérez			
López			
Val			

O Ría de Ribadeo perdeu no marcador final, pero saíu de Riazor máis fortalecido como grupo si cabe.

Unha vez máis as ausencias por lesión mermaron aos de Sama, que non puido contar cos seus dous xogadores máis interiores, Manu e Joaquín, e tres dos dispoñibles tiveron que estar en pista ao longo dos 40 minutos de xogo, algo que acusaron no desenlace final no que o partido puido caer para calquera dos dous equipos.

Ribadeo plantouse na Coruña con tan só seis xogadores cadetes, todos eles exteriores. Maristas era consciente diso e saltou á pista con moita intensidade,

**"EL TERCER CUARTO DE ESTE ENCUENTRO ES PARA PONER DE EJEMPLO A LOS NIÑOS PEQUEÑOS CUANDO DIGAN: ES QUE NO PUEDO"**

SAMA - Ría de Ribadeo



O mariño Dario nun encontro desta temporada

endurecendo o partido ata o borde da legalidade e tomando o mando no marcador co 41-29 co que finalizou a primeira parte.

O máis fácil e o que farían a maioría dos equipos sería lamentarse e borrar o partido, pero o ADN de Ribadeo volveu saír a relucir, asinando un terceiro cuarto impresionante no que sacaron forzas de onde non as había

para darlle a volta ao marcador cun parcial de 18-32, chegando a dispoñer dunha vantaxe de máis 7.

Como era inevitable, Ribadeo chegou coa luz da reserva acendida aos últimos dez minutos, nos que todo se igualou. Tamén o marcador, que se desnivelou para un lado cando perfectamente puido facelo para o outro nunha oda ao baloncesto do Ría de Ribadeo.

# San Ciprián revalidou a súa candidatura no 2020

**OS DE MANOLO COBAS** remataron o 2019 sendo o equipo revelación da Liga Galega cadete, e coa entrada do novo ano confirmaron que serán unha realidade

SAN CIPRIÁN		CULLEREDO	
Xogador	PTS	Xogador	PTS
Manu	69	García	57
Dani		Seoane	
Antón	14	Cuadrado	
Marco		Iglesias	
Hugo	19	López	
Carlos	2	Lorenzo	
Mario	34	Rodríguez	
		Quiles	
		Ferrer	
		Gauoso	
		Abeal	

San Ciprián volveu á competición moi merdado polas ausencias de Miguel, Diego e Manuel, polo que Manolo Cobas tan só puido contar con sete xogadores para recibir a Culleredo no primeiro encontro do 2020.

Un partido no que os mariños confirmaron que son unha seriedade alternativa ao título galego, xa que sacaron adiante un encontro no que estiveron moi serios

en defensa e pecharon e cargaron moi ben o rebote ante un rival con moitísimo físico na pintura, mantendo a cabeza fría para non cargarse de faltas ante a falta de rotacións para quedarse cunha merecida vitoria na Veiga.

Tras un bo primeiro cuarto, 24-15, San Ciprián pasou polos seus peores minutos no segundo, 6-14 para chegar ao descanso con 30-39 no marcador.

Tras recuperar forzas no intermedio, San Ciprián foi mellor nunha segunda parte na que puxo fin á resistencia visitante con último parcial de 26-16.

A peor noticia para os de Manolo Cobas chegou a falta de tres minutos, coa lesión de Antón tras unha mala caída. O base é dúbida para os próximos encontros.

**“TENEMOS QUE INTENTAR MANTENER ESTA BUENA DINÁMICA DE JUEGO, SOBRE TODO LA DEFENSIVA QUE ES UNA DE LAS CLAVES DE NUESTRO JUEGO”**

MANOLO COBAS - S. Ciprián

**8**

**VITORIAS** en 9 encontros do San Ciprián na Liga Galega cadete. Os de Manolo Cobas comparten liderado con Estudiantes que gañou na primeira volta na Veiga, pero que aínda ten que recibir aos mariños no Anexo

**4**

**PRIMEIROS CLASIFICADOS** desta primeira fase acceden ao Campionato Galego. Esta tempada pásase limpo de vitorias e derrotas, polo que os enfrontamentos directos non son tan decisivos como en tempadas anteriores



Antón, que se lesionou nos últimos minutos, co balón

## Estudiantes cumpriu coa lóxica na súa visita ao Costa Artabra

**O LÍDER** viaxou á pista do último clasificado na Liga Galega cadete masculina

C. ÁRTABRA		ESTUDIANTES	
Xogador	PTS	Xogador	PTS
	32		72
Gutierrez		Andrés	3
De la Fuente J.		Mikel	17
De la Fuente M.		Simón	2
López		Alvaro	24
González		Dani	9
Alkamira		Oscar	2
Cruce		Lucas	7
Pulpeiro		Cristian	6
Morate		Rafa	
Carro		Germán	2
Fernández		Brais	

**“BUEN PARTIDO TRAS UN LARGO PARÓN, PERO DEBEMOS DEBEMOS IR RECUPERANDO POCO A POCO NUESTRO RITMO DE JUEGO HABITUAL”**

JAVI PEINÓ - Estudiantes

Estudiantes, lider da Liga Galega cadete, volveu á competición tras un longo parón na pista do último clasificado, un Costa Artabra que segue sumando todos os seus encontros por derrotas.

Lonxe de caer na tentación da relaxación, os celestes afrontaron o encontro con seriedade, sobre todo defensiva, ante un rival que pese á súa situación na clasificación e a medirse co líder, loitou ao longo dos 40 minutos por cada balón.

Desde a seriedade defensiva Estudiantes rompeu o marcador ao seu favor con dous parciais iniciais de 9-18 e 8-16 para chegar ao descanso con 17-34 no electrónico.

Coa seriedade por bandeira continuou a segunda parte para un Estudiantes aplicado atrás e comendo moi poucos erros ata sentenciar o partido cun parcial de 15-38.



O celeste Alvaro Rodríguez

# O Ensino segue instalado no podio da Liga Galega cadete

**OS DE ADRIÁN GONZÁLEZ** demostraron en Ferrol que fixeron os deberes no parón de Nadal. Recital defensivo no segundo tempo cun parcial de 8-45 nos segundos 20 minutos

B. FERROL		ENSINO	
Xogador	PTS	Xogador	PTS
	32		79
Ferreira		Samuel	2
Martín		Durán	10
Bellas		Ruano	2
Gómez		Pablo	2
Ojea		Martínez	2
Castro		Carreira	10
Franco		Garabito	14
Lamas		Juan Bao	16
Romero		Seny	9
		Matata	12

**“DESPUES DE UN PARON MUY LAGO, TUVIMOS UNA BUENA TOMA DE CONTACTO CON LA COMPETICIÓN”** ADRIÁN GONZÁLEZ - Ensino Lugo

e sobre todo sen a tentación de caer na relaxación. Os lucenses saltaron á pista con dureza defensiva e rápidas transicións para romper o marcador cun parcial inicial de 2-13

que se foi ata o 10-19 ao final do primeiro cuarto.

No segundo o ritmo de xogo, como era de esperar tralo parón, foi máis baixo e con iso Ferrol mantívose no partido tras chegar ao

descanso con 24-34 no electrónico.

No intermedio Adrián González terminou de convencer aos seus xogadores de que o partido gañábase desde a defensa, e Ensino plasmonou á perfección nos segundos vinte minutos nos que tan só encaixaron

8 puntos, dous no terceiro cuarto e 6 no último.

### Próxima xornada

Ensino recibe a un Ria de Ribadeo que rematou o 2019 como equipo de moda na competición e que se impuxo na primeira volta na prórroga. O cadro que dirixe Sama xa demostrou que pode competir de poder a poder con calquer rival e chega ao Anexo coa clasificación entre os catro primeiros no horizonte.

**3ª**

**TERCEIROS** tras Estudiantes e San Ciprián, pero con duelos directos aínda por disputar que poden propiciar cambios no alto da clasificación



Manuel Durán encarando o aro ferrolán con decisión no partido da primeira volta

Ensino demostrou en Ferrol que tiña mono de baloncesto, e que non se deixou levar durante o longo parón de Nadal. Fixoo tras impoñerse con moita autoridade en Ferrol para continuar no podio da clasificación, a unha vitoria dos dous primeiros. Estudiantes e San Ciprián, e aínda con duelos directos que disputar na segunda volta.

Ensino presentouse en Ferrol coas ideas claras



Julian trata de superar a presión do celeste Brais



Gabriel protexe a posesión presionado por Serguei e Mario



Leo adentrándose na pintura seguido de Miguel

# A moeda caeu do lado estudiantil

**DERBI DE PODER A PODER** desnivelado por Serguei, sobre todo tralas lesións de Néstor, e especialmente a de Julián, na recta final

MARISTAS		ESTUDIANTES	
<b>62</b>		<b>73</b>	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Mauro	6	Brais	10
Néstor	2	Santi	10
Miguel	6	Mateo	6
David	3	Pi	10
Samuel	7	Dani	2
Gabriel	2	Pablo	2
Alexis	2	Leo	2
Jorge	7	Bernal	2
Julián	32	Rozas	2
Yishak	2	Serguei	37
		Mario	2

**“CONTENTO, FUIMOS CAPACES DE ESTAR SIEMPRE POR ENCIMA EN EL MARCADOR HASTA QUE LAS CIRCUNSTANCIAS NOS LIMITARON DEMASIADO”**

RUBÉN ENROBA - Maristas

das expectativas. Maristas e Estudiantes, os dous mellores equipos infantís masculinos da Provincia, citáronse no Anexo. Dous nomes propios estaban sobre a mesa, Julián e

**“CONSEGUIMOS UNA VICTORIA IMPORTANTE ANTE UN GRAN EQUIPO EN UN PARTIDO MUY COMPLICADO”**

NICO FERNÁNDEZ - Estudiantes

Diego Serguei, compañeiros de Selección Galega pero rivais nesta ocasión. Julián terminou con 32 puntos, pero sen xogar o desenlace final por lesión, mentres que Serguei goiou aos seus ata o triunfo, con 37 puntos, 12 deles de forma consecutiva sen

Julián en pista.

Os 11 puntos de diferenza ao final do encontro semellan excesivos dada a igualdade que reinou, sobre todo mentres os dous equipos tiveron a todos os seus efectivos, xa que ademais da baixa de Julián na recta final, Néstor tampouco puido xogar a segunda parte por lesión.

Maristas empezou mellor, levou o partido a donde máis lle interesaba co seu quinteto máis físico



Brais mira o aro a piques de lanzar ante Jorge

en pista para tomar as primeiras vantaxes, 15-10 no primeiro parcial. Xa no segundo viu-se un intercambio de canastras continuo, 22-23 para chegar ao descanso con 37-33 pero coa baixa por lesión de Néstor, que se unía á do seu irmán Samuel que xa non puido empezar o derbi.

Na segunda parte Julián púxose co traxe de MVP, con 12 puntos de forma consecutiva ata que un pisotón fortuito mediado o

terceiro cuarto, con Maristas mandando no marcador, levando ao banquillo lesionado sen poder volver participar.

Cun punto arriba para Maristas chegouse ao último parcial no que Serguei, sen a defensa de Julián, asumiu o mando do derbi e desnivelou o marcador a favor dun Estudiantes que chegou máis enteiro fisicamente ao desenlace final dun gran derbi no Anexo.

## Triunfo celeste no tempo extra

**ESTUDIANTES** impúxose en Pontevedra e segue no terceiro posto

ARXIL		ESTUDIANTES	
<b>58</b>		<b>62</b>	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Paz		Martín	
Cai		Álvarez M.	
Couto		Álvarez A.	
Acuña		Castro	
Fernández		Álvarez P.	
Veiga		Piñeiro	
Hermida		López	
Durán		Blanco	
Martínez		Cabello	
Cancela		Bernardo	
		González S.	
		González D.	



A celeste Ari realizando unha entrada a canastra

\* Datos extraídos de Fegaba, xa que non foi facilitada a información deste encontro

Estudiantes segue terceiro na Liga Galega infantil feminina tras impoñerse a Arxil en Pontevedra, nun encontro que se tivo que decidir na prórroga. Tomada esta información pola acta da Federación Galega de Baloncesto, ao non ser facilitada á nosa redacción.

Na próxima xornada Estudiantes recibe no Anexo ao líder invicto da Liga Galega infantil feminina, un Instituto Rosalía que suma por vitorias os nove encontros disputados.

**3º**

**TERCEIRO POSTO** Estudiantes mantense no podio da clasificación con 6 vitorias e tres derrotas. Un triunfo máis que o Academia A Mariña Burela, cuarto clasificado

**9**

**VITORIAS** son as que suma Instituto Rosalía, que chega na próxima xornada ao Anexo con pleno de triunfos nos encontros disputados esta tempada na Liga Galega infantil feminina

## Burela estrea o 2020 cun KO

**MOITA SUPERIORIDADE MARIÑÁ** en todos os aspectos do xogo

CB BURELA		INMOPONTE	
<b>70</b>		<b>20</b>	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Henar	6	Rodríguez	
Sara	14	Casado	
Zaida		Álvarez	
Emma	20	Monteagudo	
Laura	6	Raposeiras	
Lucía	5	Vila	
Cecilia	10	Portela	
Sabela	9	Alfonsín	
Paula		Candeira	
		Adrio	
		Silva	
		Gómez	

**“BUEN TRABAJO PARA CONSEGUIR UNA NUEVA VICTORIA, SEGUIMOS TRABAJANDO DE CARA A LOS PRÓXIMOS ENCUENTROS”**

NACHO MOTA Y JUANMA LÓPEZ - CB Burela



Nacho Mota dá instrucións a Sabela, Laura e Paula

O Academia á Mariña Burela demostrou que tiña ganas de baloncesto e tamén que o conxunto que dirixen Nacho Mota e Juanma López fixo os deberes ao longo do parón.

O equipo volveu á competición tras un longo descanso e fixo arroiando a Pontevedra nun encontro no que apenas houbo historia que contar ata a pechadura do marcador.

O máis igualado foron os primeiros minutos, ata que Burela asentouse na pista pechando o primeiro parcial con 19-6 no electrónico. No segundo as visitantes baixaron os

brazos e iso en Vista Alegre ante o Burela págase moi caro.

O parcial de 30-3 nos segundos dez minutos levou a diferenza ata os 40 puntos ao descanso, 49-9, polo que a pechadura do marcador na segunda parte era cuestión de tempo. Con todo chegouse ata o último parcial tralo 9-5 do terceiro cuarto no que Burela non quixo facer

sangue.

Con esta nova vitoria na Liga Galega infantil feminina o Burela segue no corte dos catro primeiros clasificados, unha posición que defenderá a próxima xornada en Vista Alegre ante un Peleteiro que, de perder, pode quedar descartado da loita por clasificarse para a segunda fase entre os catro primeiros.



Iria busca a una compañeira nun dous para un



A celeste Iria iniciando unha xogada ao contraataque



Carlota entrando na pintura ante a mirada de Lola

# Estudiantes mantén o pulso

**COLÍDERES CON COSTA ÁRTABRA**, ambos con seis vitorias e unha derrota. O conxunto que dirixe Zaida Iglesias volveu á competición tralo parón con vitoria ante Baxi Ferrol

ESTUDIANTES		B. FERROL	
<b>54</b>		<b>40</b>	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Carlota		Ferreira	
Nerea		Abad	
Lucía		Lata	
Marina		Díaz	
Eva		Silvent	
Valle		Somorrostro	
Lola		García	
Daniela		López	
Alma		Fernández	
Iria		Padín	

Estudiantes volveu á competición tralo parón de

**“GRAN PARTIDO DE TODAS LAS JUGADORAS. ENHORABUENA POR EL ESFUERZO Y EL TRABAJO REALIZADO”** ZAIDA IGLESIAS - Estudiantes

Nadal cunha nova vitoria, a sexta en sete xornadas na Liga Galega preinfantil. O conxunto que dirixe Zaida Iglesias sentenciou a Baxi Ferrol na primeira parte e acusou a inactividade na segunda para manter o ritmo.

A posta en escea foi bri-

llante, con moita concentración e sabendo o que facer en cada momento. Todo iso plasmouse no marcador con dous parciais a favor de 15-4 e 17-8 para chegar ao descanso con 32-12 no electrónico.

A defensa celeste estivo a un gran nivel nuns primeiros

vinte minutos nos que tiveron boa lectura nas transicións e xogaron un bo baloncesto no ataque estático.

A diferenza no marcador e un pouco de relaxación propiciaron que a segunda parte fose máis igualada e que as visitantes puideran competir máis e ata impoñerse nos dous últimos cuartos, 11-12 e 12-17 sen que a vitoria correse perigo para ás lucenses.



Eva nunha xogada de ataque por diante de Iria

## Celtas despegou tralo descanso

**PARCIAL DE 29-8** co que sentenciaron a Culleredo en Marzán

CB CELTAS		CULLEREDO	
<b>84</b>		<b>56</b>	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Nacho	2	López	
Alvaro	22	García	
Chris		Quintela	
Nico	16	Oxinalde	
Dario	4	J. Martínez	
Lucas	22	A. Martínez	
Mario	4	Noceda	
Esteban	2	Iglesias	
Javi	12	Roldán	
		Blanco	

Celtas de Foz mantense no corte dos catro primeiros clasificados tras impoñerse a Culleredo nun partido máis igualado do que indica o marcador final, propiciado polo terceiro cuarto no que os mariñaos romperon o partido cun parcial de 29-8.

Ata entón a primeira parte disputouse de poder a poder, sendo este un encontro moito máis igualado que o que abriu a tempada na primeira volta.

Ao descanso chegouse con 40-31 e con todo por decidir nos segundos vinte minutos, que realmente foron dez, xa que no terceiro cuarto a defensa dos mariñaos secou aos

**“SE VIO UN ENCUENTRO MUCHO MÁS DISPUTADO DE LO QUE DICE EL MARCADOR FINAL, LA DIFERENCIA FUE EL TERCER CUARTO, HASTA ESE MOMENTO NO ESTUVIMOS AGRESIVOS NI EN DEFENSA NI EN ATAQUE”** ARMANDO - CB Celtas



Armando dando instrucións durante un tempo morto

visitantes, permitíndolles correr e anotar en rápidas transicións nas que Alvaro e Lucas foron imparables en ataque, con Javi aportando en todas as facetas do xogo.

Ao final, vitoria máis axustada do que indica o marcador para un Celtas que voou no terceiro cuarto.

**+21**

### TERCEIRO PARCIAL

Tras dous primeiros cuartos disputados de poder a poder, Foz conseguiu romper o encontro ao seu favor ao inicio da segunda parte cun parcial de 29-8 co que colleron unha renda que mantiveron ata o final do encontro en Marzán

## Vitoria para soñar cos 4 primeiros

**ESTUDIANTES** inicia a segunda volta a dous triunfos do cuarto

ESTUDIANTES		MARISTAS	
<b>65</b>		<b>29</b>	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Eloy	1	Bra	
Bosco	5	Gutierrez	
Pablo	2	Pardal	
Diego	2	Dominguez	
Martin	7	Bescansa	
Lucas	2	Maceiras	
Manu	2	Alonso	
Iverson		Rodriguez	
Varela	7	Anido	
Samu	10	Acebal	
Uxio	25	Becerra	

### “SIEMPRE ACTIVOS”

PABLO RODRÍGUEZ - Estudiantes

Estudiantes cumpriu co guiñón previsto ante o último clasificado da Liga Galega preinfantil masculina, un Maristas Coruña que suma por derrotas todos os encontros disputados.

Os de Pablo Rodríguez, con este triunfo, soñan con mellorar a primeira volta e loitar por unha das catro primeiras prazas.

Coa intensidade por bandeira os celestes marcaron pronto un ritmo que Maristas non puido seguir e se descolgaron ante o xogo ordenado tras dominar Estudiantes os rebotes en ambas pinturas.



Uxio foi o máximo anotador neste encontro



O celeste Diego facendo unha entrada a canastra



Zaida Iglesias xunto a Nerea, Valle, Noa Espiño e Carla



Sama e os seus durante un tempo morto no Anexo



Néstor, Maristas, coa pelota por diante de Nayo



Aigor Romo dá instrucións ás súas xogadoras



O ribadense Iván coa pelota por diante de Héctor



Maristas e Estudiantes saudándose no encontro de ida

## Estudiantes, clasificado pese á derrota

**AS CELESTES** estarán na segunda fase

ESTUDIANTES		C. ARTABRA	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Carlota	8	Baldoneod	8
Sarai	2	Ocampo	2
Nerea	2	Porto	2
Noa Espiño	2	Lorenzo	2
Carmen	2	Rey	2
Marina	2	Fernández	2
Claudia R.	2	Vázquez	2
Valle	2	Mouriño A.	2
Claudia L.	2	Mouriño	2
Carla	2		
Noa López	2		

**"NO HEMOS ESTADO CONCENTRADAS Y ESO SE HA NOTADO, NO NOS LO PODEMOS PERMITIR"**  
ZAIDA IGLESIAS - Estudiantes

As de Zaida Iglesias caeron ante o líder invicto da competición, pero a falta de dúas xornadas para a conclusión da primeira fase, xa teñen o billete para disputar a Segunda Fase.

No encontro ante Costa Artabra as celestes comezaron un pouco desconcentradas e chegaron ao descanso xa por debaixo, 18-34, cun rival impondo o seu ritmo. Na segunda metade as celestes recuperouse para chegar por diante ao último sexto, 48-47, no que os nervios e as imprecisións se impuxeron, gañando Baxi nesa lotería.

## Ensino rozou a vitoria ante Baxi

**A CARA OU CRUZ** foi o desenlace final do partido

ENSINO		B. FERROL	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Marina	8	Abad	8
Candela D.	14	Fernández	14
Cayetana	6	Villares	6
Sara	2	Morandeira	2
Candela B.	4	García	4
Alicia	2	González	2
Aroa	7	Santiago	7
Aurora	2	Arias	2
Antía	6	Aceboas	6
Carmen	2	Lons	2
		García	
		López	

**"UN PARTIDO QUE SE DECANTÓ POR PEQUEÑOS DETALLES"**  
AIGOR ROMO - Ensino Lugo

Tan só a mala sorte impediu o triunfo das ensinistas ante Baxi Ferrol, nun encontro de máxima igualdade entre terceiro e cuarto clasificados.

De inicio Ensino saíu mellor e conseguiu as primeiras vantaxes, pero no segundo sexto as tornas invertíronse e de aí ao descanso a igualdade foi máxima para chegar a 33-31 ao descanso. Na segunda metade Baxi colleu o mando, mentres que no penúltimo período Ensino recuperouse para chegar por diante ao último sexto, 48-47, no que os nervios e as imprecisións se impuxeron, gañando Baxi nesa lotería.

## 2

**XORNADAS** restan para a conclusión da primeira fase na competición feminina. Estudiantes xa está clasificado para a seguinte fase

MINIBASKET 1ª FEM. NORTE A						
RESULTADOS						
Ensin Lugo - Baxi Ferrol 54-56						
Estudiantes - C. Artabra 60-80						
CLASIFICACIONES						
Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
COSTA ARTABRA	6	6	0	0	455	232
ESTUDIANTES	7	5	2	0	421	194
BAXI FERROL	7	3	4	0	291	433
ENSINO LUGO	6	2	4	0	257	290
PONTUMIO TABORA	6	0	6	0	94	369

PRÓXIMA XORNADA	
Costa Artabra - Ensino Lugo	
Baxi Ferrol - Pontumio	

## 8

**VITORIAS NOUTROS TANTOS** encontros para Maristas Lugo a falta de dúas xornadas para que conclúa a primeira fase

MINIBASKET 1ª MASC. NORTE A						
RESULTADOS						
Ría Ribadeo - Narón 89-92						
C. Artabra - B. Ferrol 66-74						
Estudiantes - Maristas Lugo 14-64						
CLASIFICACIONES						
Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
MARISTAS LUGO	8	8	0	0	761	378
NARÓN	8	6	2	0	590	593
BASKET FERROL	8	5	3	0	533	591
CB RÍA DE RIBADEO	8	3	5	0	652	700
COSTA ARTABRA	8	2	6	0	533	619
ESTUDIANTES	8	0	8	0	460	648
PRÓXIMA XORNADA						
Estudiantes - Narón						
Maristas Lugo - C. Artabra						
B. Ferrol - Ría Ribadeo						

## Ribadeo plantou cara ata o final

**NARÓN** sufriu para gañar aos de Sama

RIBADEO		NARÓN	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Simón	8	López	8
Héctor	2	Fuertes	2
Juan	2	Cumbrão	2
Ero	2	Meizoso	2
Iván	2	Coira	2
Martin	2	González	2
Alejandro	2	Díaz	2
Dani	2	Romero	2
Miguel	2	Pérez	2
Hugo	2	Vidal	2
		Muño	

**"FANTÁSTICO PARTIDO POR PARTE DEL EQUIPO. ESTA VEZ LA MONEDA SALIÓ CRUZ EN OTRO FINAL APRETADO"**  
SAMA - Ribadeo

Os mariñaos, que perderan no encontro de ida por máis de 30 puntos, esta vez estiveron a piques de levarse a vitoria. Os de Sama mantivéronse no encontro durante toda a primeira parte, moi igualada, e incluso chegaron por diante aos dous últimos cuartos, cunha vantaxe de once puntos. Co 83-79 no electrónico a falta de tres minutos para o final, o xogador máis determinante de Narón asumíu a responsabilidade e anotou once dos trece últimos puntos do seu equipo, o que decantou o marcador.

## Clínic de baloncesto do líder na primeira parte

**MARISTAS SEGUE INVICTO** tras impoñerse a Estudiantes, nun primeiro tempo case perfecto

ESTUDIANTES		MARISTAS	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Rubén	14	David	64
Nico	2	Juan G.	2
Jacobo	2	Teo	2
Javi Maneiro	2	Nadia	2
Javi Cerqueiro	2	María C.	2
Andrés	2	Mesfin	2
Lucas	2	Jorge	2
Pablo	2	Carlos	2
Hugo	2	Javi	2
Olmo	2	Néstor	2
		Guille	

Suma e segue dun Maristas que terminou o 2019 con pleno de vitorias na Liga Galega de minibasket e que iniciou o 2020 do mesmo xeito tras impoñerse no derbi capitalino a Estudiantes.

Os de Óscar Engroba partían como favoritos e non tardaron en plasmalo sobre a pista, asinando unha primeira parte na que os colexiais rozaron por momentos a perfección.

A diferenza de intensidade coa que ambos equipos saltaron á pista foi decisiva. Maristas, cun xogo intenso en defensa, non concedeu ningunha lanzamento cómodo, roubou balóns e tivo unha gran circulación de balón para anotar en rápidas transicións. Todo iso viuse reflectido no marcador con dous parciais iniciais

**"NECESITAMOS APROVECHAR MÁS LOS PARTIDOS PARA MEJORAR"**  
JAVI PEINÓ - Estudiantes

**"DISPUTAMOS LA MEJOR PRIMERA PARTE EN LO QUE LLEVAMOS DE TEMPORADA, ESTE ES EL CAMINO A SEGUIR EN LOS PRÓXIMOS ENCUENTROS"**  
ÓSCAR ENGROBA - Maristas

de 5-15 e 0-23. No terceiro período, con 9-26, pechouse o marcador e con iso Maristas continúa co seu paseo triunfal pola competición sumando por vitorias todos os encontros disputados esta tempada.

**Próxima xornada**  
Estudiantes recibe ao segundo clasificado, Narón, que vén de sufrir para impoñerse en Ribadeo, mentres que Maristas recibe a Costa Artabra na procura da novena vitoria consecutiva.

**+383**

**PUNTOS A FAVOR** Maristas asinou 761 no que vai de curso e tan só encaixou 378 ata o peche dos marcadores





Fure, Cidade de Lugo, nun lance do encontro ante Baxi



Cris Otero correndo unha acción de contraataque



Fanny coa pelota por diante dunha xogadora rival

# Saneamientos chega ao seu ecuador da Liga no máis alto

**BALANCE DE 9 VITORIAS E UNHA SÓA DERROTA** para as sarriás, que descansan a próxima fin de semana, na última xornada da primeira volta da competición

As de Maisa López impuxéronse esta fin de semana a Carferlo Viveiro por 82-42, grazas a un gran acerto no tiro exterior e a un parcial de 23-6 no segundo cuarto que encamiñaba o encontro antes do descanso.

As amarelas remataron así a primeira volta, ao descansar na próxima xornada, co único lunar da

derrota ante Pontumio por 58-49. No segundo tramo da competición buscarán manter o nivel e recuperar o average no Chanto ante o conxunto coruñés, que segue invicto e a próxima fin de semana pode tomar o primeiro posto.

O outro equipo sarriao da competición, Castro Agrasar, sumou o seu quinto triunfo ante Fran-

ciscanos por 56-25, nun encontro que se decidiu no último cuarto tras ser máis determinantes cara ao aro. Cidade de Lugo, pola súa banda, superou a Baxi Ferrol R, mentres que no encontro que enfrontaba a Ensino 06 e Baxi Ferrol S, as capitalinas caeron nun apertado duelo no Anexo que finalizou 54-56.



Raquel nunha acción de ataque do conxunto lucense

## 1

**PARTIDO MÁIS** Pontumio é o único invicto, pero tras disputar un encontro menos que Sarria

### INFANTIL 2ª DIV. FEMININO 01

RESULTADOS	
Stos. Sarria - CB Viveiro	82-42
Agrasar Sarria - Francisc.	56-25
Pontumio - KFC BBCA	57-7
Cidade - Baxi Ferrol R	72-48
Ensino 06 - Baxi Ferrol S	54-56

### CLASIFICACIÓNS

Equipo	X	G	P	NP	PF	FC
STOS. SARRIA	10	9	1	0	677	332
PONTUMIO	9	9	0	0	528	138
BAXI FERROL S	9	6	3	0	435	391
ENSINO LUGO 06	9	5	4	0	538	423
AGRASAR SARRIA	9	5	4	0	379	388
CB VIVEIRO	9	5	4	0	420	521
CIDADE DE LUGO	9	4	5	0	428	493
FRANCISCANOS	9	3	6	0	366	558
KFC BBCA	9	3	6	0	391	513
BAXI FERROL R	9	1	8	0	405	591
ENSINO GALÉN	9	0	9	0	263	522

### PRÓXIMA XORNADA

Baxi Ferrol S - Ensino Galén  
Baxi Ferrol R - Ensino 06  
KFC BBCA - Cidade  
Franciscanos - Pontumio  
CB Viveiro - Agrasar Sarria



Álvaro Ben a piques de lanzar baixo o aro ante Pablo

# Burela sorprendeu ao líder, Franciscanos, no Anexo

**OS MARIÑEOS** metéronse no encontro tras un parcial inicial de 10-0 para os capitalinos e recuperaron tamén o basket-average

Os colexiais, cun partido máis que Ribadeo, segundo clasificado, continúan líderes con 9 triunfos e 2 derrotas. No encontro desta fin de semana os capitalinos empezaron por diante cun parcial de 10-0, pero tras un tempo morto, os mariñeos entonáronse e contrarrestaron o poder reboteador de

Franciscanos para chegar ao descanso con todo por decidir de cara á segunda parte, 27-29. O xogo en equipo dos burelaos e a aportación de todos foi clave tralo paso polos vestiarios para chegar ben ao final do encontro e recuperar o basket-average ante o líder da competición co definitivo 58-62.

O segundo clasificado, CB Ribadeo, non deu opción a Viveiro no derbi mariñeo, no que se impuxeron por 8-59. Sagrado Corazón -terceiro tamén se levou o triunfo por KO ante Estudiantes, 66-16. Mentres que no derbi do Novo Chanto, o irmán maior, IF Podología, superou a MGR por 19-61.

## 1

**ENCANTO SUSPENDIDO** O derbi capitalino que enfrontaba a Cidade de Lugo a Ensino Galén e que debía xogarse o sábado foi aprazado

### INFANTIL 2ª DIV. MASCULINO 01

RESULTADOS	
Sagrado - Estudiantes	66-16
Cidade - Ensino Galén	Susp.
Franciscanos - M. Burela	58-62
MGR Sarria - IF Sarria	19-61
CB Viveiro - Ria Ribadeo	8-59

### CLASIFICACIÓNS

Equipo	X	G	P	NP	PF	FC
FRANCISCANOS	11	9	2	0	624	375
CB RÍA DE RIBADEO	10	9	1	0	613	279
IF C.B. SARRIA	11	8	3	0	615	453
A. X. SAGRADO	10	8	2	0	672	334
BURELA INF MASC.	11	7	4	0	656	489
CIDADE DE LUGO	10	6	4	0	530	401
CB VIVEIRO	11	3	8	0	335	590
ENSINO GALÉN	10	2	8	0	268	607
ESTUDIANTES	11	1	10	0	309	693
MGR C.B. SARRIA	11	0	11	0	203	604

### PRÓXIMA XORNADA

CB Viveiro - Sagrado  
Ría Ribadeo - MGR Sarria  
IF Sarria - Franciscanos  
M. Burela - Cidade  
Ensino Galén - Estudiantes



Brais. Franciscanos, trata de frear a Nico ante Xael



Os dous equipos de CB Sarria antes da disputa do derbi no Novo Chanto | CB Sarria

# Pleno de vitorias do líder ao remate da primeira volta

**ENSINO LUGO CONTA POR VITORIAS** os dez encontros disputados ata a data. A última fronte ao segundo clasificado, Baxi Ferrol, ao que se impuxo a domicilio por un claro 49-74

CADETE 2ª DIV. FEMININO	
RESULTADOS	
Baxi Ferrol - Ensino Lugo	49-74
Franciscanos - Pontumio	34-56
CB Viveiro - Estudiantes	54-51
Burela - Lourenzá	57-43
Tirso Molina - KFC BBCA	47-43

CLASIFICACIÓN	
Equipo	X G P NP PF FC
ENSINO LUGO	10 10 0 0 714 420
BAXI FERROL	10 9 1 0 717 441
PONTUMIO	10 8 2 0 572 431
ESTUDIANTES	10 5 5 0 585 492
KFC BBCA	10 5 5 0 444 467
BURELA FEM.	10 5 5 0 474 499
TIRSO DE MOLINA	10 4 6 0 458 546
CB VIVEIRO	10 4 6 0 467 556
LOURENZÁ	10 3 7 0 407 556
FRANCISCANOS	10 2 8 0 424 571
ENSINO GALEN	10 0 10 0 346 629

PRÓXIMA XORNADA	
Laurenza - Ensino Galén	
Burela - Estudiantes	
CB Viveiro - Pontumio	
Franciscanos - Tirso Molina	
KFC BBCA - Ensino Lugo	

No duelo de invictos desta fin de semana enfrontábanse os dous pri-

meiros clasificados. Ensino Lugo e Baxi, en Ferrol. As de Aigor Romo chegaban á cita defendendo o primeiro posto, que manteñen tras levarse a vitoria por 49-74 nun partidazo ao que entraron moi entonadas cun parcial inicial de 0-12. Co 28-42 ao descanso Ensino encamiñaba a súa vitoria, e as de Aigor non baixaron o ritmo na segunda metade para continuar ampliando a renda ata o resultado final.

Burela sumou a quinta vitoria tras superar a Lourenzá no derbi mariño. A igualdade do encontro, no que se chegou ao último cuarto cun 30-32 a favor das laurentinas, desfixose nos últimos minutos cun parcial de 28-11 a favor das de Nacho Mota, que

imprimiron un punto máis en defensa e tiveron moito acerto en ataque.

Carferlo Viveiro gañou na casa a Estudiantes por un axustado 54-51, mentres que Franciscanos caeu fronte a Pontumio por 34-56.

## 11

**XORNADAS** por diante na competición feminina cadete Provincial, que finalizará tralo parón de Semana Santa, a fin de semana do 17 de Abril



Deme, Franciscanos, a piques de superar a presión



Pilar correndo unha acción de contraataque



Nerea dando instrucións ás súas xogadoras



Celia buscando un bo pase ante a defensa dunha rival

# Sagrado levouse o duelo máis igualado da xornada fronte a Celtas de Foz



Yoel, Ensino, coa pelota entre os celestes Gabi e Ales



Garabito a piques de finalizar unha xogada ante Germán

## O COLISTA DA TÁBOA

demonstrou a súa mellora e complicoulle as cousas aos capitalinos, que seguen de cheo na loita polo primeiro posto

Con sete vitorias en oito encontros, e un partido menos que o primeiro clasificado, Ensino 04, Sagrado Corazón parece o único equipo que lle pode discutir o liderado aos ensinistas, cos que se medirán a próxima xornada.

Os de Rubén Engroba tiveron que empregarse ao máximo no encontro desta xornada ante o colista, Celtas Foz, e pese a comezar dominando o partido logrando as primeiras vantaxes, pouco a pouco os mariñoas fóronse entonando para

chegarse ao descanso con máxima igualdade.

Tralo paso polos vestiarios Sagrado volveu despegar para lograr unha renda de 14 puntos de cara ao derradeiro cuarto, no que Celtas chegou a poñerse a tan só 5 puntos. Co seu mellor quinto, Sagrado mantivo a vantaxe ata o definitivo 56-62.

No derbi capitalino entre Estudiantes 04 e o líder, Ensino 04, os de Aarón Romo sumaron o oitavo triunfo tras impoñerse 54-68. No duelo entre "irmáns pequenos" de Estudiantes 05 e Ensino 05, triunfo para os celestes grazas, sobre todo, a un gran primeiro cuarto moi diferencial

### CADETE 2ª DIV. MASCULINO 02

RESULTADOS	
Est. 04 - Ensino 04	54-68
Est. 05 - Ensino 05	79-62
CB Celtas - Sagrado	56-62

CLASIFICACIÓN	
Equipo	X G P NP PF FC
ENSINO LUGO 04	9 8 1 0 662 555
A.X. SAGRADO	8 7 1 0 534 466
ESTUDIANTES 04	9 5 4 0 540 548
DESIGN SARRIA	8 5 3 0 656 432
ENSINO LUGO 05	9 3 6 0 559 608
ESTUDIANTES 05	8 2 6 0 501 611
CB CELTAS FOZ	9 0 9 0 441 673

PRÓXIMA XORNADA	
Ensino 04 - Sagrado	
Ensino 05 - Design Sarria	
Estudiantes 05 - CB Celtas	

que rematou 30-16 e que serviu aos de Antón para xogar cómodos o resto do encontro ata o 79-62 final.



Pablo correndo un contraataque por diante de Ales

# Ensino entra finalmente na Segunda Fase

**LEVOUSE O DERBI CAPITALINO** contra Estudiantes por 59-64 e estará, xunto con Ría de Ribadeo e Baxi Ferrol, na seguinte liguiña para loitar por unha praza na fase de ascenso

JÚNIOR 2º DIV. FEMININO A2	
RESULTADOS	
Terra Chá - Baxi Ferrol	38-87
Estudiantes - Ensino Lugo	59-64
Ría de Ribadeo - CB Sarria	43-38
CLASIFICACIÓNS	
Equipo	X G P NP PF PC
BAXI FERROL	10 10 0 0 695 398
CB RÍA DE RIBADEO	10 8 2 0 572 463
ENSINO LUGO	10 6 4 0 617 457
ESTUDIANTES	10 4 6 0 586 573
C.B. SARRIA	10 2 8 0 418 638
CB TERRA CHÁ	10 0 10 0 310 669

FINALIZADA A 1ª FASE DA COMPETICIÓN

Os dous equipos lucenses enfrontábanse nun duelo definitivo polo terceiro posto, que daba o pase á segunda fase. Ensino saíu á pista con moitas ganas, e grazas a

unha presión zonal conseguiu robar balóns para forzar contraataques e lograr as primeiras vantaxes no primeiro parcial. No segundo Estudiantes tomou o mando, e grazas a un alto porcentaxe de acerto no tiro exterior o marcador igualouse e chegouse ao descanso con todo por decidir, 25-27.

Tralo intermedio Ensino logrou aumentar a renda a oito puntos de cara aos últimos dez minutos, nos que as defensas se impuxeron aos ataques. O marcador apertouse nos intres finais, nos que Ensino soubo manter mellor a calma e ter a cabeza fría para levarse finalmente o triunfo, 59-74, co que as de Aigor Romo estarán na



Os dous equipos lucenses saudándose tralo encontro

seguinte liguiña, representando á provincia xunto a Ría de Ribadeo, na loita por un posto na Fase de Ascenso.

O resto de equipos desta primeira fase, Terra Chá, Martínez Dental CB Sarria, e Estudiantes, seguirán competindo

ata final de temporada noutro grupo. As chairegas caeron esta xornada ante o líder, Baxi Ferrol, por 38-87. Mentres que no partido adiantado que se disputou a pasada fin de semana, CB Ribadeo pechou a fase cun triunfo ante CB Sarria, 43-38.



A celeste Iria Menor coa pelota de costas a Marta



A ensinista Adriana iniciando unha xogada ante Lian



A base Enma nunha acción de ataque ante Any

# Hierros toma o mando tras superar ao invicto Viveiro

**O CONXUNTO CAPITALINO** levouse o duelo ante os mariñaos por un axustado 65-62 e ocupa agora o primeiro posto na táboa



Sergio, Viveiro, coa pelota de costas a Pablo

Os de Óscar Engroba precisaban unha vitoria que os mantivera na loita polos primeiros postos tras caer a pasada fin de semana ante Ensino, e conseguírona ante o ata entón líder invicto da categoría, Carferlo Viveiro.

Hierros sabía que se encontraría na pista cun equipo moi forte, con bos tiradores, e así foi. Na primeira metade os mariñaos fixeron moito dano co bloque directo e o acerto exte-

rior, ao mesmo tempo que non permitían correr aos capitalinos cunha presión alta. Así, ao descanso chegouse con todo por decidir de cara ao segundo tempo.

Tralo intermedio a tónica mantívose e Viveiro fixo moito dano por medio de Brais, o mellor xogador do encontro. Pese a iso Hierros reaccionou ben no último parcial con Juan e incluso tiveron oportunidade de recuperar o ave-



Brais facendo unha entrada ante Adrián e Juan, Hierros



Iker entrando na pintura ante o ensinista Samu

JÚNIOR 2º DIV. MASCULINO	
RESULTADOS	
Ensino Lugo - Ría de Ribadeo	57-74
Hierros - CB Viveiro	65-62
CLASIFICACIÓNS	
Equipo	X G P NP PF PC
HIERROS FERREIRO	6 4 2 0 446 350
CB RÍA DE RIBADEO	6 4 2 0 437 290
CB VIVEIRO	5 4 1 0 363 262
ENSINO LUGO	7 2 5 0 378 492
MGR C.B. SARRIA	6 1 5 0 270 500

PRÓXIMA XORNADA	
CB Viveiro - Ensino Lugo	
Hierros Ferreiro - MGR Sarria	

rage -6 puntos- aínda que finalmente non foi posible e o electrónico quedou no definitivo 65-62.

No outro encontro da xornada, entre Ensino e Ría de Ribadeo, os mariñaos sumaron o cuarto triunfo na competición, igualando no máis alto con Hierros

## 1

### SEMANA DE PARÓN

A próxima fin de semana a competición para e volverá a primeira de Febreiro coa disputa da penúltima xornada

Ferreiro co 57-74 no Anexo.

A falta de dúas xornadas para que remate esta primeira fase, Hierros, Ría de Ribadeo e Carferlo Viveiro loitarán polos tres primeiros postos.

Os capitalinos teñen por diante enfrontarse ao colista, CB Sarria, e aos de Sama a domicilio. Ribadeo ten pendente tamén o encontro aprazado no seu momento contra Viveiro. Mentres que os de Sebas, ademais, xogarán contra Ensino Lugo e CB Sarria.



O ribadense Cristian a piques de superar a Santi

# ARBITRAXE

**CRISTIAN MARTÍN VÁZQUEZ**, colexiado lucense de LEB ORO e Liga Feminina Endesa, dirixe o “I Curso de Árbitros y Oficiales de mesa de Baloncesto” que arrincou onte, pero que aínda mantén aberta a inscrición para todos os interesados



Onte luns deu comezo en Lugo o “I Curso Presencial de Árbitros y Oficiales de Mesa de Baloncesto” de carácter gratuito e dirixido por Cristian Martín Vázquez, colexiado lucense que arbitra actualmente partidos de LEB ORO e Liga Feminina Endesa, nas que compiten CB Breogán e Durán Maquinaria Ensino.

Xunto a Cristian, o curso conta con máis persoal experimentado na formación de árbitros e oficiais de mesa e tamén a nivel deportivo, como Daniel López Illán, Ana Losada, Mónica Carballeda Ferreiro e Silvia Barreiro Martín.

Tralo acto de inauguración de onte no salón de actos da Casa do Deporte, o curso desenvolverase ata o día 29 de Xaneiro e nel cubriranse unha gran cantidade de temas que compoñerán o corpo teórico dos coñecementos. Esta parte constará de dez horas de formación para o Curso de Árbitros, coas asignaturas: Reglas do xogo, técnica de arbitraje, mecánica e oficiais de mesa.

No que corresponde ao curso de oficiais de mesa, a parte teórica será de 6 horas, e nelas impartiranse as seguintes asignaturas: “Reglas do xogo” e “Anotador, cronometrador e operador de 24 segundos”.

O curso teórico desenvolverase na súa totalidade nas instalacións da Casa do Deporte de Frigsa e no seu Polideportivo en horario de tarde. Unha vez aprobada esta parte, os alumnos realizarán unhas prácticas ao longo dunha fin de semana xunto aos seus titores, que lles serán asignados e lles acompañarán ao longo das primeiras temporadas co obxectivo de reforzar e orientar aos aprendices durante os primeiros partidos oficiais.

Pese a que a inauguración do curso foi onte, o prazo de inscrición continúa aberto e pódese realizar a través do correo electrónico [arbitroslugo@fegaba.com](mailto:arbitroslugo@fegaba.com) ou no número de teléfono 606334367.

